

3010 *REAL DECRETO 200/2000, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais. («BOE» 39, do 15-2-2000.)*

A Orde do 28 de outubro de 1994 pola que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais e das plantas ornamentais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 91/682/CEE, do Consello, do 19 de decembro, relativa á comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais e das plantas ornamentais, desenvolvida polas seguintes directivas: 93/49/CEE, da Comisión, do 23 de xuño; 93/63/CEE, da Comisión, do 5 de xullo, e 93/78/CEE, da Comisión, do 21 de setembro.

A Directiva 91/682/CEE tivo dificultades de interpretación nos estados membros e incluíuse na iniciativa comunitaria de simplificación da lexislación no mercado interior, posta en marcha pola Comisión Europea en 1996. Consecuencia desta iniciativa, resultaron varias recomendacións para simplificar o texto orixinal e que se refiren tanto ás persoas que deben ser controladas, como ás especies e tipo de material que debe estar cuberto pola norma, así como á equivalencia cos países terceiros.

Tralo exame das ditas recomendacións, o Consello da Unión Europea considerou conveniente a promulgación da nova Directiva 98/56/CE, do Consello, do 20 de xullo, relativa á comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais que substitúe á anteriormente citada.

Polo tanto, en virtude do presente real decreto incorpórase ó noso ordenamento xurídico a Directiva 98/56/CE do Consello, desenvolvida pola Comisión mediante as seguintes directivas:

a) A Directiva 1999/66/CE, do 28 de xuño, pola que se establecen os requisitos que deben cumprilas etiquetas ou outros documentos expedidos polo provedor en virtude da Directiva 98/56/CE.

b) A Directiva 1999/67/CE, do 28 de xuño, pola que se modifica a Directiva 93/49/CEE pola que se establece a lista referente ás condicións que deben cumprir os materiais de reprodución de plantas ornamentais e as plantas ornamentais de conformidade coa Directiva 91/682/CEE, do Consello.

c) A Directiva 1999/68/CE, do 28 de xuño, pola que se fixan disposicións adicionais sobre as listas de variedades de plantas ornamentais elaboradas polos provedores en virtude da Directiva 98/56/CE, do Consello.

d) A Directiva 1999/69/CE, do 28 de xuño, pola que se derroga a Directiva 93/63/CEE pola que se establecen as disposicións de aplicación para a vixilancia e o control dos provedores e establecementos no marco da Directiva 91/682/CEE, do Consello.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e do ministro de Economía e Facenda, logo do informe do Ministerio de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2000,

DISPÓN O :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto aplicarase á produción e comercialización dos materiais de reprodución de plantas ornamentais, sen prexuízo das normas de protección da flora silvestre establecidos polo Regulamento (CE) 338/1997, do establecido pola Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e das normas fitosanitarias establecidas polo Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Unión Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

2. O presente real decreto non se aplicará ós materiais de reprodución cando se demostre que están destinados á exportación a países que non pertencen á Unión Europea, sempre que estean correctamente identificados como tales e se manteñan adecuadamente illados. Tampouco se aplicará ós materiais de reprodución os produtos dos cales non se destinen a usos ornamentais.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do presente real decreto enténdese por:

1. Materiais de reprodución: materiais vexetais que están destinados:

a) Á reprodución de plantas ornamentais.

b) Á produción de plantas ornamentais; sen embargo, en caso de produción a partir de plantas completas, esta definición aplícase soamente na medida en que a planta ornamental resultante estea destinada á comercialización posterior.

2. Reprodución: reprodución vexetal ou por outros medios.

3. Provedor: calquera persoa física ou xurídica que se dedique profesionalmente á comercialización ou á importación de materiais de reprodución.

4. Comercialización: manter dispoñible ou en almacén, expor ou ofrecer en venda, vender ou entregar a outra persoa, sexa cal for a forma en que se realice, materiais de reprodución de plantas ornamentais.

5. Lote: un conxunto de unidades dun só produto, identificables pola homoxeneidade da súa composición e da súa orixe.

6. Organismo oficial responsable:

a) A Dirección Xeral de Agricultura, a través da Subdirección Xeral de Sanidade Vexetal, respecto da ordeñación e coordinación en materia de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, así como tódalas funcións no que se refire ós intercambios do dito material con países terceiros.

b) Os órganos competentes das comunidades autónomas, respecto da execución das operacións necesarias para o control e certificación correspondente.

Os organismos a que se fai referencia nos dous parágrafos anteriores poderán delegar as funcións, que realizan baixo a súa responsabilidade e control, en calquera persoa xurídica de dereito público ou privado que, de acordo cos seus estatutos oficialmente aprobados, sexa responsable exclusivamente de funcións públicas específicas, sempre que a dita persoa e os seus membros

non obteñan ningún proveito persoal do resultado das medidas que adopten.

As comunidades autónomas comunicarán os órganos responsables no seu territorio da execución das operacións necesarias para o control e certificación correspondentes ó Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, o cal, pola súa vez, pola canle correspondente, o comunicará á Comisión Europea.

CAPÍTULO II

Requisitos dos materiais de reprodución

Artigo 3. *Requisitos para a comercialización.*

1. Os provedores só poderán comercializar os materiais de reprodución se estes cumpren os requisitos do presente real decreto.

2. Non será necesario o cumprimento dos requisitos establecidos no presente real decreto para a comercialización dos materiais de reprodución que se destinen:

- a) A probas ou fins científicos.
- b) A traballos de selección.
- c) Á conservación da diversidade xenética.

Artigo 4. *Requisitos fitosanitarios de corentena.*

Os materiais de reprodución cumprirán, cando proceda, as condicións fitosanitarias que sexan aplicables á especie á que pertencen establecidas polo Real decreto 2071/1993.

Artigo 5. *Requisitos de calidade.*

1. Sen prexuízo do disposto nos artigos 1 e 4 do presente real decreto, os materiais de reprodución que se comercialicen cumprirán os requisitos seguintes:

a) Polo menos externamente, estarán esencialmente exentos de todo organismo nocivo ou de calquera dos seus signos ou síntomas que, afectando a calidade, reduzan o valor de utilización do material e, en particular, dos indicados para os xéneros e especies mencionados no anexo ó presente real decreto.

b) Estarán esencialmente exentos de defectos que afecten a súa calidade como material de reprodución.

c) Terán a capacidade e dimensións que sexan necesarios en relación co seu valor de utilización como material de reprodución.

d) No caso de sementes, terán o adecuado poder xerminativo.

e) Se se comercializan con referencia a unha variedade incluída no artigo 9 do presente real decreto presentarán unha pureza e identidade varietal satisfactoria.

f) Deberán ter a identidade e pureza do xénero ou especie ou do grupo de plantas ó que pertencen.

2. Os materiais de reprodución que, por presentaren signos ou síntomas visibles, non estean esencialmente exentos de organismos nocivos, recibirán un tratamento adecuado, ou, se é o caso, serán eliminados.

3. Ademais, os materiais de reprodución de cítricos deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Procederán dun material inicial que, tendo sido sometido a análise, non mostrase síntomas de ningún virus ou organismo similar a un virus, nin de ningunha enfermidade.

b) Teranse sometido a inspeccións das que resultasen estaren esencialmente exentos de virus ou organismos similares a virus e de enfermidades desde o comezo do último ciclo vexetativo.

c) En caso de enxerto, deberá ter sido enxertado en patróns que non sexan sensibles ós viroides.

4. Tratándose de bulbos de flores, cumprírase ademais o requisito de que os materiais de reprodución procederán directamente dun material que na fase de crecemento se sometese a análises nas que resultasen estar esencialmente exento de todo organismo nocivo ou enfermidade e dos seus signos ou síntomas.

CAPÍTULO III

Requisitos para os provedores de materiais de reprodución

Artigo 6. *Rexistro oficial dos provedores.*

1. Os provedores deberán estar oficialmente rexistrados para as actividades que exerzan no que se refire ó presente real decreto nun rexistro oficial.

2. O organismo oficial responsable poderá considerar que os provedores inscritos no rexistro a que fai referencia o número 7 do artigo 6 do mencionado Real decreto 2071/1993, se encontran rexistrados para os efectos do presente real decreto. Os ditos provedores, non obstante, deberán axustarse ós requisitos do presente real decreto.

3. Non será precisa a inscrición no rexistro oficial a que se refire o número 1 deste artigo para os provedores que tratan soamente con persoas non implicadas profesionalmente na produción ou venda de plantas ornamentais ou material de reprodución. Estes provedores deberán, non obstante, cumprir os demais requisitos do presente real decreto.

Artigo 7. *Requisitos dos provedores que se dediquen á produción de materiais de reprodución.*

1. Os provedores que se dediquen á produción de materiais de reprodución deberán:

a) Determinar e controlar os puntos esenciais do seu proceso de produción que repercutan na calidade dos materiais de reprodución.

b) Dispor de información sobre o control a que se refire o anterior parágrafo a) para que a examine, se así o solicita, o organismo oficial responsable.

c) Cando proceda, tomar mostras para a súa análise nun laboratorio dotado da experiencia e instalacións adecuadas. O laboratorio deberá estar recoñecido polo organismo oficial responsable.

d) Garantir que durante o proceso de produción os lotes de materiais de reprodución poidan identificarse un a un.

2. Os provedores autorizados conservarán durante polo menos doce meses os rexistros das vendas ou compras do material de reprodución comercializado.

CAPÍTULO IV

Comercialización e etiquetaxe dos materiais de reprodución

Artigo 8. *Comercialización en lotes e etiquetaxe.*

1. Os materiais de reprodución comercializaranse en lotes. Non obstante, os materiais de reprodución de lotes distintos poderán comercializarse nunha única partida sempre que o provedor manteña un rexistro da composición e a orixe dos distintos lotes.

2. Cando se comercialicen os materiais de reprodución, deberán ir acompañados dunha etiqueta ou outro documento expedido polo provedor.

3. A etiqueta ou o documento do provedor serán dun material adecuado, que non fose usado previamente, e impresa como mínimo nunha das linguas oficiais da Unión Europea e en todo caso polo menos na lingua española oficial do Estado e no que se indicará a información seguinte:

- a) Indicación «calidade CE».
- b) Indicación do código do estado membro da Unión Europea.
- c) Indicación do organismo oficial responsable ou do seu código distintivo.
- d) Número de rexistro do provedor.
- e) Número de serie individual, semanal ou lote.
- f) Nome botánico.
- g) Denominación da variedade, cando proceda. No caso de patróns, denominación da variedade ou a súa designación.
- h) Denominación do grupo de plantas, cando proceda.
- i) Cantidade.
- j) No caso de importacións procedentes de terceiros países, o nome do país de produción.

4. No caso de que os materiais de reprodución vaian acompañados dun pasaporte fitosanitario de acordo coa orde do 17 de maio de 1993, pola que se establece a normalización dos pasaportes fitosanitarios destinados á circulación de determinados vexetais, produtos vexetais e outros obxectos dentro da Comunidade, e pola que se establecen os procedementos para a expedición de tales pasaportes e as condicións e procedementos para a súa substitución, o dito pasaporte fitosanitario poderá constituí-la etiqueta ou documento expedido polo provedor mencionado no número 2 deste artigo. Nese caso, no citado pasaporte, ademais, deberá figurar claramente separada do resto a seguinte información: «Calidade CE», o nome ou código do organismo oficial responsable relativo ó presente real decreto e, cando proceda, a denominación da variedade, o patrón ou o grupo de plantas. Cando se trate de importacións procedentes de terceiros países, deberase indicar tamén o nome do país de produción.

5. A comercialización dos materiais de reprodución en lotes, a que se refire o número 1 deste artigo, non se aplicará ó material de reprodución comercializado por persoas non implicadas profesionalmente na produción ou venda de plantas ornamentais ou material de reprodución.

Así mesmo, para estas persoas os requisitos de etiquetaxe poden quedar limitados a unha información adecuada do produto.

Artigo 9. *Comercialización con referencia a unha variedade.*

1. Os materiais de reprodución soamente poderán comercializarse cunha referencia a unha variedade se esta é:

- a) Unha variedade legalmente protexida por un título de obtención de variedade vexetal de acordo coa Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.
- b) Unha variedade rexistrada oficialmente.
- c) Unha variedade de coñecemento común.
- d) Unha variedade que figure nunha lista elaborada polo provedor que conteña unha descrición detallada dela e a súa denominación.

2. As listas elaboradas polos provedores anteriormente mencionadas deberán incluí-lo seguinte:

- a) O nome da variedade e, cando proceda, os seus sinónimos comunmente coñecidos.

b) Indicacións da conservación da variedade e do sistema de reprodución utilizado.

c) Descrición da variedade, que comprenda polo menos as súas características e as súas expresións, segundo o especificado de conformidade coas disposicións sobre as solicitudes presentadas no marco da protección comunitaria de obtencións vexetais na Unión Europea, cando estas sexan aplicables.

d) A ser posible, indicación das diverxencias entre esa variedade e as variedades que máis se lle parezan.

3. Os parágrafos b) e d) do número anterior non serán aplicables ós provedores a actividade dos cales se limite á posta no mercado de materiais de reprodución de plantas ornamentais.

4. Os provedores deberán pór á disposición do organismo oficial responsable que o solicite, as listas elaboradas por eles.

5. Na medida do posible, cada variedade deberá te-la mesma denominación, de conformidade coas normas que se establezan a nivel comunitario, ou no seu defecto, de acordo coas directrices internacionalmente aceptadas.

6. Cando os materiais de reprodución se comercialicen cunha referencia a un grupo de plantas e non a unha das variedades a que se refire o número 1 deste artigo, o provedor deberá describir e denominar-lo grupo de plantas de maneira que non poida haber confusión posible con calquera denominación varietal.

CAPÍTULO V

Materiais de reprodución producidos en terceiros países

Artigo 10. *Importación dos materiais de reprodución producidos en terceiros países.*

1. En canto a Comisión Europea non decida se os materiais de reprodución producidos nun país terceiro ofrecen garantías equivalentes ós producidos na Unión Europea, non se poderán importar estes materiais, a menos que o importador garanta, previamente á importación, que tales materiais ofrecen garantías equivalentes en tódolos aspectos ós producidos na Unión Europea, en particular en relación coa calidade, identidade e fitosanidade.

2. O importador dos ditos materiais comunicará á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a importación realizada e conservará as probas documentais do seu contrato de importación co provedor do país terceiro.

CAPÍTULO VI

Medidas de control

Artigo 11. *Medidas de control sobre os provedores.*

1. O organismo oficial responsable velará por que os provedores tomen as medidas necesarias para garantir-lo cumprimento dos requisitos do presente real decreto, polo que os materiais de reprodución serán inspeccionados oficialmente polo menos por mostraxe e polo menos respecto á comercialización dirixida a persoas profesionalmente implicadas na produción ou venda de plantas ornamentais ou materiais de reprodución.

2. Para comproba-lo cumprimento dos devanditos requisitos, o organismo oficial responsable poderá toma-las mostras correspondentes.

3. Para poder efectuar a supervisión e o seguimento, o organismo oficial responsable deberá ter, en todo momento oportuno, libre acceso a calquera zona das instalacións dos provedores.

Artigo 12. *Medidas provisionais e infraccións.*

1. Se durante as inspeccións oficiais mencionadas no artigo 11 deste real decreto ou ó toma-las mostras que se indican no artigo 13 do presente real decreto, se comproba que os materiais de reprodución non cumpren os requisitos establecidos no presente real decreto, o organismo oficial responsable velará por que o provedor adopte as medidas correctoras oportunas ou, se isto non fose posible, prohibirá a comercialización dos ditos materiais de reprodución.

2. No caso de comprobarse que os materiais de reprodución comercializados por un provedor non cumpren os requisitos do presente real decreto, o organismo oficial responsable adoptará as medidas pertinentes con respecto a ese provedor.

3. As medidas adoptadas en relación co número anterior retiraranse desde o momento en que se comprobe con suficiente certeza que os materiais de reprodución destinados á comercialización polo dito provedor cumpriran no futuro os requisitos do presente real decreto.

4. O incumprimento das disposicións do presente real decreto dará lugar á aplicación das sancións previstas na Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, así como na Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais e disposicións complementarias e, con carácter subsidiario, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor, e da produción agroalimentaria.

Artigo 13. *Poscontrol dos materiais de reprodución.*

1. Con obxecto de comprobar que os materiais de reprodución producidos ou comercializados en España cumpren os requisitos do presente real decreto, cando proceda, baixo a supervisión do organismo oficial responsable, tomaranse mostras dos ditos materiais, que se someterán ás correspondentes análises e ensaios de poscontrol. Os resultados destas análises e ensaios poderanse utilizar para harmoniza-los métodos técnicos de exame dos materiais de reprodución.

2. Cando a Comisión Europea organice ensaios ou análises comunitarios cos mesmos obxectivos có número 1 deste artigo, no ámbito da Unión Europea, o organismo oficial responsable colaborará na súa execución.

CAPÍTULO VIII

Exención de requisitos do presente real decreto

Artigo 14. *Exención de requisitos de determinados xéneros e especies.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicarán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación aqueles tipos de material de reprodución de xéneros e especies ornamentais, de importancia insignificante no seu territorio que poidan ser eximidos do cumprimento total ou parcialmente dos requisitos establecidos no presente real decreto e que o departamento citado remitirá, se é o caso, a través da canle correspondente, á Comisión Europea.

CAPÍTULO IX

Estatísticas

Artigo 15. *Información dos materiais de reprodución comercializados.*

As comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información sobre as cantidades comercializadas dos materiais de reprodución indicando xénero, especie e variedade, para a elaboración das estatísticas nacionais.

Disposición adicional única. *Títulos competenciais.*

O presente real decreto dítase ó amparo do establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva para o Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, agás o artigo 10, que se dicta de conformidade co artigo 149.1.10.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre o comercio exterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa singular.*

Queda derogada a orde do 28 de outubro de 1994 pola que se aproba o Regulamento técnico de control da produción e comercialización dos materiais de reprodución das plantas ornamentais e das plantas ornamentais.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

ANEXO

Lista de organismos nocivos e enfermidades que afectan a calidade de maneira significativa

Xénero ou especie	Organismos nocivos e enfermidades
<i>Begonia x hiemalis</i> (Fotsch)	Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento: <i>Aleurodidae</i> en particular <i>Bemisia Tabaci</i> . <i>Aphelenchoides spp.</i> <i>Ditylenchus destructor</i> . <i>Meloidogyne spp.</i> <i>Myzus ornatus</i> . <i>Otiorrhynchus sulcatus</i> . <i>Sciara</i> . <i>Thysanoptera</i> , en particular <i>Frankliniella occidentalis</i> .

Xénero ou especie	Organismos nocivos e enfermidades	Xénero ou especie	Organismos nocivos e enfermidades
<i>Citrus.</i>	<p>Bacterias:</p> <p><i>Erwinia Chrysanthemi.</i> <i>Rhodococcus fascians.</i> <i>Xanthomonas campestris pv. begoniae.</i></p> <p>Fungos:</p> <p><i>Oidio.</i> Axentes patóxenos da podremia do talo (<i>Phytophthora. Pythium sp. e Rhizoctonia spp.</i>)</p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Leafcurl disease.</i> <i>Tospoviruses (Tomato spotted wilt virus, Impatiens necrotic spot virus).</i></p> <p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Aleurothrixus floccosus</i> (Mashell). <i>Meloidogyne spp.</i> <i>Parabemisia myricae</i> (Kuwana). <i>Tylenchulus semipenetrans.</i></p> <p>Fungos:</p> <p><i>Phytophthora spp.</i></p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p>Viroides tales como <i>exocortis, caquexiaxyloporosis.</i></p> <p>Enfermidades que provocan nas novas follas síntomas similares ós da psoriase, tales como: <i>Psoriasis, ring spot, cristacortis, impietratura concave gum.</i></p> <p><i>Infectious variegation.</i> <i>Citrus leaf rugose.</i></p>	<p><i>Dianthus caryophyllus L. e os seus híbridos.</i></p> <p><i>Euphorbia pulcherrima (Wild ex Kletzch).</i></p>	<p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Chrysanthemum B, mosaic virus.</i> <i>Tomato aspermy cucumovirus.</i></p> <p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Agromyzidae.</i> <i>Aleurodidae</i>, en particular <i>Bemisia Tabaci.</i> <i>Thysanoptera</i>, en particular <i>Frankliniella occidentalis.</i> <i>Lepidoptera</i>, en particular <i>Cacoecimorpha pronubana, Epichoristodes acerbella.</i></p> <p>Fungos:</p> <p><i>Alternaria dianthi.</i> <i>Alternaria dianthicola.</i> <i>Fusarium oxisporum f. sp. dianthi.</i> <i>Mycosphaerella dianthi.</i> <i>Phytophthora nicotiana sp. parasitica.</i> <i>Rhizoctonia solani.</i> Podremia do talo: <i>Fusarium spp y Pythium spp.</i> <i>Uromyces dianthi.</i></p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Carnation etched ring caulimovirus.</i> <i>Carnation mottle carmovirus.</i> <i>Carnation necrotic fleck clostevirus.</i> <i>Tospoviruses (Tomato spotted wilt virus, Impatiens necrotic spot virus).</i></p>
<i>Dendranthema x grandiflorum (Ramat) Kitam.</i>	<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Agromyzidae.</i> <i>Aleuroidae</i>, en particular <i>Bemisia Tabaci.</i> <i>Aphelenchoides spp.</i> <i>Diarthronomia chrysanthemi.</i> <i>Lepidoptera</i> en particular <i>Cacoecimorpha pronubana, Epichoristodes acerbella.</i> <i>Thysanoptera</i>, en particular <i>Frankliniella occidentalis.</i></p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Agrobacterium tumefaciens.</i> <i>Erwinia chrysanthemi.</i></p> <p>Fungos:</p> <p><i>Fusarium oxisporum sp. chrysanthemi.</i> <i>Puccinia chrysanthemi.</i> <i>Pythium spp.</i> <i>Rhizoctonia solani.</i> <i>Verticillium spp.</i></p>	<p><i>Gerbera L.</i></p>	<p><i>Aleurodidae</i>, en particular <i>Bemisia Tabaci.</i></p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Erwinia Chrysanthemi.</i></p> <p>Fungos:</p> <p><i>Fusarium spp.</i> <i>Pythium ultimum.</i> <i>Phytophthora spp.</i> <i>Rhizoctonia solani.</i> <i>Thielaviopsis basicola.</i></p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Tospoviruses (Tomato spotted wilt virus, Impatiens necrotic spot virus).</i></p> <p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Agromyzidae.</i> <i>Aleurodidae</i>, en particular <i>Bemisia Tabaci.</i></p>

Xénero ou especie	Organismos nocivos e enfermidades	Xénero ou especie	Organismos nocivos e enfermidades
<i>Gladiolus L.</i>	<p><i>Aphelenchoides spp.</i> <i>Lepidoptera.</i> <i>Meloidogyne.</i> <i>Thysanoptera</i>, en particular <i>Frankliniella occidentalis</i>.</p> <p>Fungos:</p> <p><i>Fusarium spp.</i> <i>Phytophthora cryptogea.</i> <i>Oidio.</i> <i>Rhizoctonia solani.</i> <i>Verticillium spp.</i></p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Tospoviruses (Tomato spotted wilt virus, Impatiens necrotic spot virus).</i></p> <p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Ditylenchus dipsaci.</i> <i>Thysanoptera</i>, en particular <i>Frankliniella occidentalis</i>.</p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Pseudomonas marginata.</i> <i>Rhodococcus fascians.</i></p> <p>Fungos:</p> <p><i>Botrytis gladiolorum.</i> <i>Curvularia trifolii.</i> <i>Fusarium oxysporum sp., gladioli.</i> <i>Penicillium gladioli.</i> <i>Sclerotinia spp.</i> <i>Septoria gladioli.</i> <i>Urocystis gladiolicola.</i> <i>Uromyces transversalis.</i></p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Aster yellow mycoplasma.</i> Corky pit agent. <i>Cucumber mosaic virus.</i> <i>Gladiolus ringspot virus (syn. Narcissus latent virus).</i> <i>Tobacco rattle virus.</i></p> <p>Outros organismos nocivos:</p> <p><i>Cyperus esculentus.</i></p>	<i>Malus Miller.</i>	<p>Fungos:</p> <p><i>Cylindrocarpon destructans.</i> <i>Fusarium oxysporum f. sp. lilii.</i> <i>Pythium spp.</i> <i>Rhizoctonia spp.</i> <i>Rhizopus spp.</i> <i>Sclerotium spp.</i></p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Cucumber mosaic virus.</i> <i>Lily symptomless virus.</i> <i>Lily virus x.</i> <i>Tobacco rattle virus.</i> <i>Tulip breaking virus.</i></p> <p>Outros organismos nocivos:</p> <p><i>Cyperus esculentus.</i></p> <p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Anarsia lineatella.</i> <i>Eriosoma lanigerum.</i> Cochinillas, en particular: <i>Epidiaspis leperii</i>, <i>Pseudaulacaspis pentagona.</i> <i>Quadraspidotus perniciosus.</i></p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Agrobacterium tumefaciens.</i> <i>Pseudomonas syringae pv. syringae.</i></p> <p>Fungos:</p> <p><i>Armillariella mellea.</i> <i>Chondrostereum purpureum.</i> <i>Nectria galligena.</i> <i>Phytophthora cactorum.</i> <i>Rosellinia necatrix.</i> <i>Venturia spp.</i> <i>Verticillium spp.</i></p> <p>Virus e organismos similares:</p> <p>Todos.</p>
<i>Lilium L.</i>	<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Aphelenchoides spp.</i> <i>Rhizoglyphus spp.</i> <i>Pratylenchus penetrans.</i> <i>Rotylenchus robustus.</i> <i>Thysanoptera</i>, en particular: <i>Frankliniella occidentalis</i>.</p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Erwinia carotovora</i> subsp. <i>carotovora.</i> <i>Rhodococcus fascians.</i></p>	<i>Narcissus L.</i>	<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Aphelenchoides subtenuis.</i> <i>Ditylenchus destructor.</i> <i>Eumerus spp.</i> <i>Merodon equestris.</i> <i>Pratylenchus penetrans.</i> <i>Rhizoglyphidae.</i> <i>Tarsonemidae.</i></p> <p>Fungos:</p> <p><i>Fusarium oxysporum f. sp. narcissi.</i> <i>Sclerotinia spp.</i> <i>Sclerotium bulborum.</i></p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Tabacco rattle virus.</i> <i>Narcissus white streak agent.</i> <i>Narcissus yellow stripe virus.</i></p> <p>Outros organismos nocivos:</p> <p><i>Cyperus esculentus.</i></p>

Xénero ou especie	Organismos nocivos e enfermidades	Xénero ou especie	Organismos nocivos e enfermidades
<i>Pelargonium L.</i>	<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Aleurodidae</i>, en particular <i>Bemisia Tabaci</i>.</p> <p><i>Lepidoptera</i>.</p> <p><i>Thysanoptera</i>, en particular: <i>Frankliniella occidentalis</i>.</p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Rhodococcus fascians</i>.</p> <p><i>Xanthomonas campestris</i> pv. <i>pelargonii</i>.</p> <p>Fungos:</p> <p><i>Puccinia pelargonii zonalis</i>.</p> <p>Axentes patóxenos da podremia do talo (<i>Botrytis</i> spp. <i>Pythium</i> spp.).</p> <p><i>Verticillium</i> spp.</p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Pelargonium flower break carmovirus</i>.</p> <p><i>Pelargonium leaf curl tombusvirus</i>.</p> <p><i>Pelargonium line pattern virus</i>.</p> <p><i>Tospoviruses</i> (<i>Tomato spotted wilt virus</i>, <i>Impatiens necrotic spot virus</i>).</p>		<p>Fungos:</p> <p><i>Armillariella mellea</i>.</p> <p><i>Chondrostereum purpureum</i>.</p> <p><i>Nectria galligena</i>.</p> <p><i>Rosellinia necatrix</i>.</p> <p><i>Taphrina deformans</i>.</p> <p><i>Verticillium</i> spp.</p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Prune dwarf virus</i>.</p> <p><i>Prunus necrotic ringspot virus</i>.</p>
		<i>Pyrus L.</i>	<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento.</p> <p><i>Anarsia lineatella</i>.</p> <p><i>Eriosoma lanigerum</i>.</p> <p><i>Cochinillas</i> en particular.</p> <p><i>Epidiaspis leperii</i>, <i>Pseudaulacaspis pentagona</i>, <i>Quadraspidiotus perniciosus</i>.</p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Agrobacterium tumefaciens</i>.</p> <p><i>Pseudomonas syringae</i> pv. <i>syringae</i>.</p> <p>Fungos:</p> <p><i>Armillariella mellea</i>.</p> <p><i>Chondrostereum purpureum</i>.</p> <p><i>Nectria galligena</i>.</p> <p><i>Phytophthora</i> spp.</p> <p><i>Rosellinia necatrix</i>.</p> <p><i>Verticillium</i> spp.</p> <p>Virus e organismos similares:</p> <p>Todos.</p>
<i>Phoenix.</i>	<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Thysanoptera</i>.</p> <p>Fungos:</p> <p><i>Exosporium palmivorum</i>.</p> <p><i>Gliocladium vermoeseni</i>.</p> <p><i>Graphiola phoenicis</i>.</p> <p><i>Pestalozzia phoenicis</i>.</p> <p><i>Pythium</i> spp.</p> <p>Virus e organismos similares:</p> <p>Todos.</p>		
<i>Pinus nigra.</i>	<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Blastophafa</i> spp.</p> <p><i>Rhyacionia buoliana</i>.</p> <p>Fungos.</p> <p><i>Lophodermium sediciosum</i>.</p> <p>Virus e organismos similares.</p> <p>Todos.</p>		<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento.</p> <p><i>Lepidoptera</i>, en particula.</p> <p><i>Epichoristodes acerbella</i>, <i>Cacoecimorpha pronubana</i>.</p> <p><i>Meloidogyne</i> spp.</p> <p><i>Pratylenchus</i> spp.</p> <p><i>Tetranychus urticae</i>.</p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Agrobacterium tumefaciens</i>:</p> <p>Fungos:</p> <p><i>Chondrostereum purpureum</i>.</p> <p><i>Coniothyrium</i> spp.</p> <p><i>Diplocarpon rosae</i>.</p> <p><i>Peronospora sparsa</i>.</p> <p><i>Phragmidium</i> spp.</p> <p><i>Rosellinia necatrix</i>.</p> <p><i>Sphaeroteca pannosa</i>.</p> <p><i>Verticillium</i> spp.</p> <p>Virus e organismos similares e, en particular:</p> <p><i>Apple mosaic virus</i>.</p> <p><i>Arabis mosaic nepovirus</i>.</p> <p><i>Prunus necrotic ringspot virus</i>.</p>
<i>Prunus L.</i>	<p>Insectos, ácaros e nematodos en tódalas súas fases de desenvolvemento:</p> <p><i>Capnodis tenebrionis</i>.</p> <p><i>Meloidogyne</i> spp.</p> <p><i>Cochinillas</i> en particular: <i>Epidiaspis leperii</i>, <i>Pseudaulacaspis pentagona</i>, <i>Quadraspidiotus perniciosus</i>.</p> <p>Bacterias:</p> <p><i>Agrobacterium tumefaciens</i>.</p> <p><i>Pseudomonas syringae</i> pv. <i>mors prunorum</i></p> <p><i>pseudomonas syringae</i> pv. <i>syringae</i>.</p>		